



Borrador de Decreto polo que se regulan as sociedades de fomento forestal e a creación do seu rexistro

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, consolidou as condicións que deben cumprir as sociedades de fomento forestal, como agrupacións que asocian propietarios forestais ou, de ser o caso, persoas titulares de dereitos de uso de parcelas susceptibles de aproveitamento forestal, que ceden os ditos dereitos á sociedades para a súa xestión forestal conxunta.

Agora a Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, amplía a consideración de sociedades de fomento forestal a aquelas agrupacións que asocian propietarios que realizan as facultades propias do uso e ordenado aproveitamento das superficies forestais da súa propiedade.

Establece tamén que as ditas sociedades réxense polo texto refundido la Lei de sociedades de capital cando adopten as formas reguladas na citada lei ou, noutro caso, pola lexislación mercantil ou civil aplicable.

O Decreto 45/2011, do 10 de marzo, polo que se regula o fomento das agrupacións de propietarios forestais, os requisitos e a cualificación das sociedades de fomento forestal e a creación do seu rexistro, desenvolve o obxecto, a finalidade, os requisitos e o réxime xurídico destas sociedades.

Compre agora a modificación do antedito decreto co fin de incluír fórmulas de agrupacións de titulares de dereitos ata agora non incluídas, diferentes das sociedades limitadas, así como aqueles casos específicos de xestión de parcelas forestais propiedade da sociedade, desenvolvendo a modificación que da Lei 7/2012 de montes de Galicia realizou a Lei 9/2017 de medidas fiscais e administrativas.

De acordo o artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das Administración Públicas, con carácter previo á elaboración do proxecto de decreto, substanciase unha consulta pública, a través do portal web desta administración, para recompilar a opinión dos interesados e das súas organizacións máis representativas sobre as seguintes cuestións:

- a) As vantaxes que se pretendan acadar;
- b) A necesidade e a oportunidade da aprobación do presente decreto;
- c) Os seus obxectivos;
- d) As posibles solucións alternativas reguladoras.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2018